

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 12-2015 DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 23/07/2015-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- BNG

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS.- BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG
XUSTO XOSE ORDOÑEZ OTERO.- BNG
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP
JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.- PP
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE
BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

Concelleiros ausentes:

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R. COMÚN-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.
COMÚN-SON

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 12:30 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do numero legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

RATIFICACIÓN DA URXENCIA e ACORDOS IN MEMORIAM DO CONCELLEIRO D. JOSÉ RICARDO BESADA GESTO.

RATIFICACIÓN DA URXENCIA E ACORDOS IN MEMORIAM DO CONCELLEIRO D. JOSÉ RICARDO BESADA GESTO.

O Alcalde da coñecemento a todos os presentes deste pleno convocado con carácter extraordinario e urxente en memoria do concelleiro do PP, D. José Ricardo Besada Gesto, que faleceu no día de onte de xeito repentino.

Ratifícase a urxencia por todos os presentes, acadando a maioría esixida legalmente.

O Alcalde lee a proposta ao Pleno corporativo:

<<Na Casa do Concello de Rianxo, o 23 de xullo de 2015, a Corporación Municipal de

Rianxo celebra un pleno extraordinario In memoriam de Ricardo Besada Gesto, finado no día de onte. Queremos, en primeiro lugar, concelleiros, concelleiras e traballadores municipais trasladar o noso máis sentido e sincero pésame, acompañando nestes momentos de dor e ausencia á súa dona, fillos, así como aos irmáns e toda a súa familia. Tamén queremos amosarlle ao Partido Popular de Rianxo e da comarca, o noso máis fondo respecto e afecto nestes momentos.

En segundo lugar expresar desde esta Casa de todos os rianxeiros e tamén no nome de todos e todas o o noso sentimento polo pasamento dun home traballador e dedicado até o último alento ao fundamental servizo público que é a sanidade.

Ademais do seu ámbito profesional de xeito cotián e continuo Ricardo Besada deunos probas desa súa paixón polo municipio participando en moitas actuacións solidarias, culturais e deportivas. Entre elas o Liceo ou as viaxes a campamentos de refuxiados do Sahara, entre outras. Mostra da grande dimensión humana de Ricardo.

Por todo isto, reunidos nesta Casa por unanimidade de todos os grupos políticos tomamos por unanimidade o seguinte ACORDO:

Decretar tres días de loito oficial no que as bandeiras do Concello ondearán a media hasta. Comezará desde as 13 h. do día de hoxe até o 26 de xullo.

Poñernos ao dispor da súa familia para participar como corporación nos actos que se establezan.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, comeza a súa intervención:

<<Señor Alcalde, membros da Corporación Municipal de Rianxo e veciñanza en xeral:

Nunca pensei que tivera que verme nesta situación. Non é posible explicar cunhas verbas a profunda dor que nos deixa o repentino falecemento do noso compañeiro José Ricardo Besada, membro desta Corporación e veciño desta vila.

Hoxe despedimos a un dos bós e xenerosos, a unha boa persoa que soubo poñer o mellor de seu ao servizo dos demais tanto na súa vida persoal e profesional como na súa participación na vida política local.

Os que tivemos a sorte de poder compartir con Ricardo algúns momentos da súa vida podemos dar fe da súa bonhomía, da grandeza do seu corazón e do seu amor por Rianxo.

Por riba de calquera deferencia, nunca considerou a ninguén inimigo, foi un compañeiro extraordinario e ensinounos que sempre paga a pena deixar de lado os nosos intereses particulares para traballar por un Rianxo mellor.

Hoxe atopámonos desolados por unha perda que non agardábamos. Sentimos a súa falla, pero sabemos que Ricardo estará sempre connosco na lembranza da súa entrega desinteresada aos demais.

Descanse en paz José Ricardo Besada Gesto.>>

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que se suman ao dito sobor do concelleiro.

A voceira do PsdeG-PSOE, M^a Carmen Figueira Ares, sumase ao expresado polos compañeiros.

O alcalde engade que os compañeiros do grupo SON- Rianxo en común comunicaronlle que non podían asistir por temas laborais mais súmanse ao dito e pregan se transmitan as súas condolencias.

A proposta queda APROBADA polos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

Levántase a sesión ás 13:00 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo